

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 7 DE DECEMBRO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de iniciativa pública de Sande, no concello de Arbo (Pontevedra).

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se toma razón da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, do Programa de promoción da actividade deportiva en idade escolar a través do Bono deporte, se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, para o ano 2024 e se abre o prazo para a adhesión dos comercios, entidades deportivas e prestatarios de servizos deportivos.

##### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza a licitación, por tramitación anticipada, da obra de construción dun edificio para 24 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos, na parcela BB3 do SUNP-12, Lamas de Abade, Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de licitación de catro millóns seiscientos trinta mil novecentos corenta e catro euros con corenta e dous céntimos (4.630.944,42 €), IVE incluído, e un valor estimado de catro millóns douscentos nove mil novecentos corenta e nove euros con corenta e sete céntimos (4.209.949,47 €).

##### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ordes para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal a actuación de Abastecemento e saneamento ao Canedo desde O Mesón do Vento. Ordes (A Coruña), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027, tramitado como expediente anticipado de gasto, por importe de

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

oitocentos dezaoto mil oitocentos tres euros con vinte e sete céntimos (818.803,27 €).

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. para a realización do programa de aceleración para a internacionalización de pemes GALICIA AVANZA para as convocatorias 2024 e 2025, por importe de dous millóns douscentos mil euros (2.200.000,00 €).

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES**

- Acordo polo que se autoriza o acordo acadado entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e as organizacións sindicais CC.OO., ANPE e UGT-SP Ensino sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docentes da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de asignación do concerto social para a reserva e ocupación de prazas en servizos de atención diúrna e de atención residencial para persoas dependentes con parálise cerebral para o período 2024-2028 (código de procedemento BS632D). Importe do orzamento: trinta e nove millóns cento oitenta mil cincocentos vinte e un euros con noventa e dous céntimos (39.180.521,92€). Valor estimado: cento corenta millóns cincocentos corenta mil novecentos cincuenta e dous euros (140.540.952,00€). Tramitación anticipada do gasto.
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de asignación do concerto social para a reserva e ocupación de prazas en servizos de atención diúrna e de atención residencial para persoas dependentes con trastorno do espectro autista para o período 2024-2028 (código de procedemento BS632A). Importe do orzamento: trinta e seis millóns oitenta e oito mil catrocentos setenta e cinco euros con doce céntimos (36.088.475,12€). Valor estimado: cento vinte e nove millóns setecentos dezanove mil setecentos oitenta e sete euros (129.719.787,00€). Tramitación anticipada do gasto.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de asignación do concerto social para a reserva e ocupación de prazas en servizos de atención diúrna e de atención residencial para persoas dependentes con discapacidade física para o período 2024-2028 (código de procedemento BS632C). Importe do orzamento: vinte e nove millóns douscentos cincuenta e tres mil douscentos dezaoto euros con oitenta e oito céntimos (29.253.218,88€). Valor estimado: cento cinco millóns vinte e dous mil novecentos oito euros (105.022.908,00€). Tramitación anticipada do gasto.
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de asignación do concerto social para a reserva e ocupación de prazas en servizos de atención diúrna para persoas dependentes con enfermidade mental para o período 2024-2028 (código de procedemento BS632B). Importe do orzamento: un millón cento sesenta mil seiscentos noventa e tres euros con sesenta céntimos (1.160.693,60€). Valor estimado: catro millóns cento dez mil oitocentos dez euros (4.110.810,00€). Tramitación anticipada do gasto.
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de asignación do concerto social para a reserva e ocupación de prazas en servizos de atención diúrna e de atención residencial para persoas dependentes con discapacidade intelectual para o período 2024-2028 (código de procedemento BS632F). Importe do orzamento: trescentos cincuenta e oito millóns douscentos cincuenta e catro mil trescentos oitenta e dous euros con sesenta e catro céntimos (358.254.382,64€). Valor estimado: mil douscentos oitenta e cinco millóns cincocentos cincuenta e sete mil seiscentos tres euros (1.285.557.603,00€). Tramitación anticipada do gasto.

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante Acordo Marco cun único empresario, para a subministración sucesiva de mobiliario de hospitalización con destino a hospitais do Servizo Galego de Saúde por importe de cinco millóns seiscentos noventa e un mil trescentos trinta e dous euros (5.691.332,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Profesor Novoa Santos (FPNS), para o desenvolvemento do programa de medicina predictiva pertencente á infraestrutura de medicina de precisión asociada á ciencia e á tecnoloxía (Programa Cohorte IMPaCT), por importe de cento dezaseis mil seiscentos sesenta e seis euros con sesenta e sete céntimos (116.666,67€).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de enfermos de Ril (Alcer), para a cobertura do servizo de traslado de pacientes aos centros de hemodiálise na provincia de Lugo, por importe de seiscentos setenta e dous mil oitocentos oitenta euros con oito céntimos (672.880,08€).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Vigo para a utilización das institucións sanitarias na docencia do máster universitario en Enxeñaría Biomédica, por importe de setenta e cinco mil cento trinta e catro euros con sesenta céntimos de euro (75.134,60€).
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de reactivos e material funxible necesario para a realización de técnicas de microbioloxía nos laboratorios da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, con cesión de uso de equipos, e o arrendamento dun sistema de automatización con solución completa para procesamento de mostras para cultivo.

## CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos do 80% nas subvencións derivadas da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, por importe de setecentos mil euros (700.000,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para superar a porcentaxe en pagamentos anticipados e a eximir as entidades con ánimo de lucro da constitución de garantías para a solicitude de anticipos, con respecto ao proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación dirixidos á capacitación para o desenvolvemento das funcións relacionadas co diálogo social e a negociación colectiva, e se procede á súa convocatoria na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, por importe de cincocentos oitenta e catro mil douscentos trece euros (584.213,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, polo procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, dun servizo de seis avións de carga en terra con destino á defensa

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

contra os incendios forestais durante os anos 2024, 2025, 2026 e 2027. Tramitación anticipada de gasto, polo importe de licitación de trece millóns trescentos noventa e dous mil euros (13.392.000,00 €), exento de IVE, e cun valor estimado (posibles prórrogas e modificacións incluídas) de vinte e dous millóns setecentos cinco mil douscentos setenta e dous euros (22.705.272,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, polo procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, dun servizo integral de helicópteros e brigadas destinados á prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia durante os anos 2024, 2025, 2026 e 2027. Tramitación anticipada de gasto, polo importe de licitación de vinte e catro millóns oitocentos oitenta mil oitocentos trinta e dous euros con vinte e cinco céntimos (24.880.832,25 €), exento de IVE, e cun valor estimado (posibles prórrogas e modificacións incluídas) de corenta e tres millóns cento dezasete mil seiscentos noventa e un euros con cincuenta céntimos (43.117.691,50 €).
- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para asinar unha addenda aos convenios de colaboración cos grupos de desenvolvemento rural (GDR) para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local na medida Leader de Galicia 2014-2020, cofinanciados co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por importe de dous millóns douscentos nove mil trinta e seis euros (2.209.036,00 €).

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a transformación dixital dos centros residenciais da Xunta de Galicia.

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES

- Informe relativo á implementación de medidas de mellora do benestar dixital do alumnado.

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as axudas ás industrias agroalimentarias (transformación e comercialización de produtos agrarios) período 2016-2023 e convocatoria 2024.

### CONSELLERÍA DO MAR

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre a resolución da Orde do 26 de xullo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, co obxecto de compensar os acuicultores polos custos adicionais en que incorresen como consecuencia da guerra de Ucraína, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca nun 75% (FEMP), e se procede á súa convocatoria para o ano 2023.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DECLARA DE UTILIDADE PÚBLICA E DE INTERESE SOCIAL O POLÍGONO AGROFORESTAL DE SANDE, EN ARBO, PARA POÑER EN VALOR PRETO DE 47 HECTÁREAS

- O Consello do Goberno galego aprobou hoxe o correspondente decreto da Consellería do Medio Rural para desenvolver este polígono, que implica 351 parcelas de 115 propietarios
- A zona delimitada está na área de actuación da DO Rías Baixas e existe unha gran demanda de terreos para a mellora da estrutura territorial de explotacións vitivinícolas xa existentes ou a posta en marcha de novas iniciativas neste mesmo sector
- Elévase así a 18 o número de polígonos agroforestais de iniciativa pública declarados de utilidade pública na nosa comunidade, ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria
- Actualmente existen xa 26 polígonos en distintas fases de execución, que supoñen a posta en valor de 9.143 hectáreas distribuídas en 29.759 parcelas propiedade de 8.271 veciños

A Xunta aprobou hoxe un decreto da Consellería do Medio Rural para declarar de utilidade pública e de interese social o polígono agroforestal de Sande, no concello pontevedrés de Arbo, para poñer en valor preto de 47 hectáreas, distribuídas en 351 parcelas de 115 propietarios. Elévase así a 18 o número de polígonos de iniciativa pública declarados na nosa comunidade, ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, do total de 26 que se encontran en distintas fases de execución.

A declaración de utilidade pública e de interese social implica o recoñecemento da existencia de razóns de interese público para os efectos da aplicación da tramitación de urxencia do procedemento. Cómpre sinalar que o pasado 2 de outubro saía publicado no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o acordo polo que se iniciaba o procedemento de aprobación para o desenvolvemento deste polígono.

O de Sande ten por obxecto prioritario poñer en produción áreas de terra agroforestal con boa capacidade produtiva, en progresivo estado de abandono ou infrautilización, recuperando deste xeito unha acaída actividade de explotación agrícola ou forestal. Neste caso en concreto, cómpre destacar que a zona delimitada está na área de actuación da Denominación de Orixe Rías Baixas e que existe unha gran demanda de terreos para a mellora da estrutura territorial de explotacións xa existentes ou a posta en marcha de novas iniciativas produtivas vinculadas á produción vitivinícola.

#### **26 polígonos**

Na actualidade, estanse a desenvolver un total de 26 polígonos agroforestais de iniciativa pública en toda Galicia, que se encontran en distintas fases de execución. Isto supón un total de 9.143 hectáreas mobilizadas grazas á Lei de recuperación da terra agraria, e abrangue 29.759 parcelas e 8.271 persoas propietarias directamente beneficiadas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre apuntar que na maior parte dos polígonos xa se identificaron actividades admisibles e que se prevé a súa recuperación a través de sistemas agroforestais, cultivos leñosos, gandería e cultivos agrícolas, entre outras posibles actividades secundarias.

Dentro dos 18 polígonos xa declarados -incluíndo o de hoxe-, os máis avanzados son os de Cualedro e Oímbra. Coa roza e posta a punto dos terreos rematados en ambos, iniciouse o procedemento de investigación da titularidade de predios de propietarios descoñecidos, despois de rematar a fase de actualización da titularidade dos predios incluídos no perímetro.

En etapas previas, tamén dentro da redacción do proxecto básico do polígono, encóntranse Barzamedelle (Leiro) -onde os propietarios identificados xa teñen as notificacións previas á investigación da titularidade do resto de predios-, Vences (Monterrei), Solbeira (Paderne de Allariz), Pousada (Riós), Vilalén-Tomonde (Cerdedo-Cotobade) e Mandelos (Crecente).

Pola súa banda, nos de Freixido (Larouco), Ver (Bóveda) e A Graña de Seoane (Montederramo) estanse a elaborar os respectivos estudos de viabilidade e a iniciar a investigación de titularidade. Pola súa banda, os de San Amaro (San Amaro), Mirallos (A Peroxa), Prado de Miño (Castrelo de Miño), San Miguel (Valga), Remuíño (A Arnoia), o polígono de Curtis e este de Sande (Arbo) están en fase de acordo de inicio.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO CONVOCA AS AXUDAS DO BONO DEPORTE QUE BENEFICIARÁ EN 2024 A TODOS OS NENOS E NENAS DE ENTRE 6 E 16 ANOS QUE PRACTIQUEN DEPORTE ESCOLAR OU FEDERADO**

- Cun orzamento global de 16,2 millóns de euros, cada neno ou nena recibirá 120 euros (IVE incluído) para a adquisición de material e equipamento deportivo ou a realización de actividades deportivas, tratándose dun desconto do 80% dos gastos
- Os establecementos comerciais, entidades deportivas e prestatarios de servizos deportivos que queiran participar no programa poderán adherirse ata o 30 de decembro de 2023

O Consello da Xunta aprobou o proxecto de acordo polo que se toma razón, por instancia da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, da orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència non competitiva, do programa de promoción da actividade deportiva en idade escolar a través do Bono Deporte, se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, para o ano 2024 e se abre o prazo para a adhesión dos establecementos comerciais, entidades deportivas e prestatarios de servizos deportivos que poderán facelo ata o 30 de decembro de 2023.

A descarga dos bonos estará operativa desde o 8 de xaneiro de 2024 ata o 29 de febreiro, e poderán usarse ata o 1 de xullo de 2024. A tramitación como expediente anticipado de gasto permite unha mellor planificación do novo programa, maximizando os obxectivos do Bono Deporte.

O Bono Deporte ten por finalidade axudar as familias nos gastos derivados da práctica deportiva dos nenos en nenas de 6 a 16 anos federados ou do programa Xogade (Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar). Cun orzamento global de 16,2 millóns de euros - 16,12 millóns de euros investidos nesta orde para as axudas máis 80.000 euros investidos na entidade colaboradora- cada neno ou nena recibirá 120 euros (IVE incluído) para a adquisición de material e equipamento deportivo ou a realización de actividades deportivas, tratándose dun desconto do 80% nos gastos ata chegar a eses 120 euros para cada caso. O devandito gasto deberá realizarse en establecementos comerciais, entidades deportivas ou prestatarios de servizos deportivos radicados en Galicia que se adhiran ao Bono Deporte. A Xunta de Galicia pon á disposición dos cidadáns o correo [bonodeporte@xunta.gal](mailto:bonodeporte@xunta.gal) para dúbidas e suxestións.

Cómpre lembrar que o pasado 2 de novembro, o Consello da Xunta xa aprobou o proxecto de Acordo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes polo que se convoca o procedemento de concorrència para a selección dunha entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos das axudas do Programa de promoción da actividade deportiva en idade escolar a través do Bono Deporte (80.000 euros). A entrega e a distribución dos fondos das axudas farase coa entidade colaboradora seleccionada.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Bono Deporte e Xogade**

O Bono afonda nas políticas públicas de soporte ao deporte de base que, en Galicia, teñen como medida estrela o seguro deportivo gratuíto para os nenos en idade escolar obrigatoria. O Programa Xogade, que xa transita pola súa décimo quinta edición, conta con máis da metade dos escolares galegos inscritos (54,08%), segundo os datos de finais da tempada 2022-2023, cando se contabilizaron preto de 135.000 escolares (134.135) de entre 6 e 16 anos dos 248.029 que hai en Galicia. En total, estes 135.000 escolares sumaron 108.688 participacións na actividade deportiva federada e 85.695 participacións en actividade deportiva escolar. O programa tamén medra en actividades escolares (17) e en federacións adheridas (39).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA AVANZA QUE A XUNTA LICITARÁ ESTE MES A CONSTRUCCIÓN DE DOUS EDIFICIOS CON 36 NOVAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN SANTIAGO**

- Resalta que o Goberno autonómico destinará 7,2 M€ a estas obras “que comezarán o vindeiro ano”
- Enmarca esta medida no obxectivo da Xunta de “incrementar nun 50%” o parque público residencial de Galicia “ata chegar ás 5.600 vivendas en 2026”
- Serán 36 inmobles na zona de Lamas de Abade, destinados ao alugueiro e que se sumarán ás 271 vivendas públicas que existen na capital galega
- O presidente salienta que no que vai de ano xa se sacaron a concurso as obras doutras 3 promocións para 40 vivendas en Xuxán (A Coruña), 38 en San Paio (Vigo) e 24 no Castiñeiriño (Santiago de Compostela)

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico vai construír dous novos edificios cun total de 36 vivendas de promoción pública (VPP) na zona de Lamas de Abade, en Santiago de Compostela. “Destinaranse 7,2 millóns de euros e as obras comezarán o vindeiro ano”, precisou.

Rueda resaltou que deste xeito se ampliará a oferta de vivenda pública na capital galega, onde existen actualmente 271 inmobles deste tipo. Ademais, enmarcou esta medida no obxectivo da Xunta de “incrementar nun 50% o parque público residencial da Comunidade ata chegar ás 5.600 vivendas en 2026”.

En concreto, o Consello autorizou hoxe licitar nos vindeiros días unha das novas promocións en Santiago de Compostela, integrada por 24 VPP, por un importe total de 4,63 millóns de euros. Ademais, tamén foi informado de que hoxe mesmo se publicou na plataforma de contratos de Galicia o procedemento para adxudicar as obras doutras 12 VPP neste mesmo barrio compostelán, cun orzamento base de licitación de 2,6 millóns de euros.

Deste xeito, e unha vez licitados os 2 contratos, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) poderá adxudicar e iniciar as obras de ambas as promocións ao longo de 2024 – cun prazo de execución de ano e medio no caso do edificio de 24 VPP e de 15 meses no de 12—. Tal e como explicou o presidente, os novos inmobles adxudicaranse “en réxime de alugueiro” entre as persoas inscritas no Rexistro único de demandantes de vivenda en Santiago de Compostela, que deberán acreditar uns ingresos de entre 0,7 e 2,5 veces o Iprem (fixado en 8.400 €/ano).

O futuro edificio de 24 VPP en Lamas de Abade disporá de 3 plantas subterráneas –2 sotos e 1 semisoto– onde se situarán as 36 prazas de garaxe, os 24 rochos, así como os locais para instalacións comúns e outros servizos do edificio. Ademais, na planta baixa e nas 3 superiores estarán localizadas as vivendas, 6 en cada unha, cun total de 11 pisos con 3 dormitorios; outros 11 dotados con 2 cuartos –1 deles adaptado para persoas con mobilidade reducida–, e 2 máis con 1 dormitorio.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A superficie útil das vivendas de 3 dormitorios oscilará entre os 86,36 e os 86,77 metros cadrados, mentres que as de 2 terán entre 68,75 e 69,06 metros cadrados, e o tamaño das 2 vivendas de 1 dormitorio será de 57,98 metros de superficie útil.

En canto á segunda promoción, licitada hoxe mesmo e integrada por outras 12 novas VPP, cómpre indicar que o edificio se levantará na rúa Constantino Limia Nogueira e constará de 5 plantas divididas en soto, semisoto, planta baixa e 2 alturas máis.

Con respecto ás características dos inmobles, 10 serán vivendas de 3 dormitorios, cunha superficie útil de entre 86,56 m<sup>2</sup> e 91,66 m<sup>2</sup>, e as outras 2 terán 2 estancias e un tamaño de 80,69 m<sup>2</sup>. Ademais, o edificio disporá de 12 rochos e 18 prazas de garaxe, localizados nas plantas subterráneas.

Rueda tamén subliñou que esta "é a cuarta promoción de vivendas públicas que a Xunta saca a licitación no que vai de ano", despois de que o pasado mes de xullo iniciase o procedemento para contratar a construción de 38 vivendas en San Paio de Navia (Vigo), a comezos de agosto licitase outras 40 en Xuxán (A Coruña) e a mediados de outubro se licitasen os traballos para rematar as obras xa en marcha para a construción dun edificio de 24 VPP no Castiñeiriño (Santiago de Compostela).

Todas estas promocións por conta do IGVS enmárcanse na Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida, aprobada polo Consello o pasado mes de marzo e que se marca como obxectivo principal incrementar nun 50% o actual parque público residencial de Galicia ata 2026. Para tal fin, durante a súa primeira fase de execución prevé edificar un total de 375 inmobles públicos nas cidades de Vigo, Pontevedra, A Coruña e Santiago de Compostela cun investimento estimado de preto de 70 millóns de euros.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE ORDES PARA AMPLIAR O SERVIZO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO AO CANEDO DESDE O MESÓN DO VENTO CUN INVESTIMENTO DE CASE 820.000 €**

- Substituiranse os pozos de captación e as foxas particulares existentes, que carecen, na maior parte dos casos, dun control axeitado, conectando adecuadamente eses usuarios ás redes municipais
- A Xunta achegará o 80% do investimento, máis de 655.000 €, e executará as obras, mentres que o Concello contribuirá co 20% restante, con preto de 164.000 €
- O Concello debe realizar a tramitación municipal para que Augas de Galicia poida licitar as obras e iniciais no segundo semestre de 2024
- O Goberno galego segue prestando apoio técnico e financeiro aos concellos nas súas responsabilidades municipais de saneamento, depuración e abastecemento para mellorar a calidade de vida da poboación no rural

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración co Concello de Ordes para ampliar o servizo municipal de abastecemento e saneamento ao núcleo do Canedo desde O Mesón do Vento, cun investimento de aproximadamente 820.000 euros.

A través desta cooperación substituiranse os pozos de captación e as foxas particulares que existen na actualidade neste núcleo da parroquia de San Pedro de Ardemil, e que carecen, na maior parte dos casos, dun control axeitado, conectando adecuadamente eses usuarios ás redes de abastecemento e saneamento municipais.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, cofinanciará a actuación nun 80%, achegando algo máis de 655.000 euros. O Concello de Ordes contribuirá ao financiamento do 20% restante, destinando preto de 164.000 euros.

As actuacións obxecto deste convenio serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feder), no marco do Plan estratéxico da política común de España 2023-2027.

Augas de Galicia tamén levará a cabo a contratación e execución das obras, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización.

Pola súa banda, a entidade local asume a realización das xestións pertinentes para posibilitar a execución dos traballos, así como a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

Unha vez autorizada hoxe esta colaboración, e tras a sinatura do convenio, procederase á consecución da documentación municipal preceptiva: a posta á disposición de terreos, a aprobación municipal do proxecto e o trámite de información pública.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tras isto, a Xunta poderá iniciar a tramitación e licitación das obras, cuxa execución se prevé iniciar no segundo semestre do 2024. Os traballos teñen un prazo de execución de 6 meses.

### **Actuacións que se executarán**

Mediante o convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, Augas de Galicia executará as obras necesarias para dotar novas redes de abastecemento e saneamento e para a reposición dos servizos e vías afectados.

A intervención prevista pola Xunta na rede de abastecemento incluírá os seguintes elementos: 2.500 metros de tubaxe de polietileno de 75 mm de diámetro para a rede principal e 315 metros de tubaxe de polietileno de 63 mm de diámetro para ramais secundarios.

Esta rede complementábase con válvulas de comporta, ventosas de triplo efecto, válvulas de baleirado e unha válvula reductora de presión, xunto coas súas arquetas correspondentes, prefabricadas *in situ*.

No caso das actuacións proxectadas para executar a rede de saneamento, proxéctase a instalación de 1.470 metros de tubaxe de PVC de 315 mm de diámetro e 110 m de tubaxe de PVC de 250 mm de diámetro, pozos de rexistro prefabricados de 1 metro de diámetro e alturas variables e un pozo de bombeo prefabricado de PEAD dun metro de diámetro e 3,5 metros de altura con dúas bombas (1+1) de 2,6 Kw de potencia.

Ademais, executaranse 1.300 metros de condución en polietileno de 90 mm de diámetro para a impulsión desde o pozo de bombeo ata a fosa séptica existente e 110 metros de canalización de polietileno corrugado de 400 mm de diámetro, xunto con sumidoiros e caces para a recollida das pluviais no Canedo.

O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos concellos para que estes poidan prestar de xeito eficaz as súas responsabilidades nos servizos municipais de saneamento, depuración e abastecemento, e continuar mellorando a calidade de vida da poboación no rural.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APOIARÁ A INTERNACIONALIZACIÓN DE 60 PEMES INNOVADORAS CON NOVOS SERVIZOS PERSONALIZADOS A TRAVÉS DAS PRÓXIMAS CONVOCATORIAS DE GALICIA AVANZA**

- O Consello autoriza a sinatura do convenio entre a Axencia Galega de Innovación, o Instituto Galego de Promoción Económica e a Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia para pór en marcha dúas novas edicións desta aceleradora cun orzamento total de 2,2 M€
- A primeira destas convocatorias publicarase a finais do primeiro trimestre de 2024 e serán seleccionados 30 beneficiarios entre autónomos, pequenas e medianas empresas de calquera sector, sempre que conten con produtos ou servizos que teñan a consideración de innovadores
- Disporán dun mentor durante oito meses co que deseñar a estratexia de internacionalización e pór en marcha accións específicas de márketing e comercialización dos produtos e servizos innovadores a través dunha folla de ruta 100 % apoiada no marco da aceleradora
- O programa de aceleración achega servizos profesionais de forma áxil co obxectivo de exportar no menor tempo posible
- Galicia Avanza forma parte das iniciativas postas en marcha tanto no Programa de impulso á innovación nas pemes como na Estratexia para a internacionalización das empresas galegas

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá a sinatura do convenio entre a Axencia Galega de Innovación, o Instituto Galego de Promoción Económica e a Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia para pór en marcha ata 2025 dúas novas edicións da aceleradora de internacionalización Galicia Avanza. A través delas agárdase apoiar un total de 60 pemes innovadoras cun orzamento de 2,2 M€.

A través deste programa despréganse servizos personalizados a través de profesionais de internacionalización capaces de comprender as necesidades do seu sector e do valor singular das innovacións de cada compañía para atopar a ruta comercial máis axeitada para exportar co máximo valor estes produtos e servizos únicos. Coa participación neste programa de aceleración durante os oito meses de duración, as pemes traballan con mentores individuais expertos no seu sector na estratexia e folla de ruta internacional que será apoiada ao 100 %. Así, válidase a viabilidade da saída a mercados internacionais dos proxectos e selecciónanse os países e rexións onde teñen máis oportunidades; impúlsase a comercialización de produtos; trabállase no fortalecemento da estratexia e na atracción de financiamento externo; trátase de mellorar os retornos e todo desde unha visión de crecemento e sustentabilidade a longo prazo. Ademais, durante o desenvolvemento do programa, as beneficiarias comparten experiencias e xornadas formativas.

A primeira das dúas convocatorias publicarase a finais do primeiro trimestre de 2024 e seleccionaranse 30 beneficiarios entre autónomos ou pequenas e medianas empresas de calquera sector aliñado coa Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia,

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sempre que contén produtos ou servizos que teñan a consideración de innovadores. A aceleradora procurará posicionar estas pemes en programas internacionais de comercialización da innovación. Ademais, dentro das sesións formativas, dúas delas terán carácter aberto para que poidan participar empresas non seleccionadas na convocatoria.

Galicia Avanza, da que xa se celebraron dúas edicións, enmárcase tanto dentro das actuacións do Programa de impulso á innovación nas pemes como na Estratexia para a internacionalización das empresas galegas.

O programa de aceleración non só achega solucións ás novas necesidades xurdidas no mercado, senón que tamén impulsa a xeración de riqueza a partir do coñecemento innovador e contribúe á posta no mercado internacional das pemes coa consecuente contribución á xeración de emprego e progreso económico con base na innovación. En definitiva, persegue que solucións innovadoras galegas, dispoñibles ou moi próximas ao mercado, acaden a presenza ou fortalecemento no mercado exterior no menor tempo posible a través de servizos personalizados, rápidos e áxiles.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DÁ LUZ VERDE AO ACORDO HISTÓRICO ENTRE XUNTA E SINDICATOS PARA A MELLORA ESTRUTURAL DO SISTEMA EDUCATIVO CUXAS MEDIDAS COMEZARÁN A APLICARSE XA EN XANEIRO

- Abrangue melloras nos rateos por aula, na atención á diversidade, no horario lectivo e na carreira profesional docente, así como en cuestións de carácter burocrático
- O profesorado comezará a ver os resultados a partir do próximo mes con subas retributivas por formación, funcións de titoría e funcións directivas
- A partir do vindeiro curso redúcense os rateos de alumno por aula ao pasar de 25 a 20 en Infantil e Primaria, de 30 a 25 en ESO e de 33 a 30 no Bacharelato
- Mellórase a atención á diversidade no caso do alumnado con necesidades específicas de atención, xa que, para efectos de rateos, computarán por dous ou por tres
- Redúcese o horario lectivo dos mestres de 25 a 23 horas á semana, o que sitúa Galicia no grupo de cabeza das comunidades con menos horas
- Avánzase en medidas de conciliación con posibilidade de reunións telemáticas

O Consello da Xunta deu luz verde ao acordo histórico acadado entre o Goberno galego e as organizacións sindicais CC.OO., ANPE e UGT-SP Ensino para a mellora do sistema educativo galego, o que permite comezar a aplicar xa, a partir de xaneiro, as medidas nel recollidas, sobre todo no que atinxe aos aspectos de carácter salarial. Non obstante, isto é unicamente unha parte do paquete de accións acordadas que entrarán en vigor o vindeiro curso e que abranguen melloras nos rateos por aula, na atención á diversidade, no horario lectivo e na carreira profesional docente, así como en cuestións de carácter burocrático.

Todas elas son medidas de carácter estrutural encamiñadas a sentar as bases do ensino da vindeira década, cunha atención máis excelente e personalizada do alumno, co obxectivo de seguir mellorando e afianzando os principais indicadores que ratifican o sistema educativo galego como un dos mellores sistemas de España.

#### **Rateos por aula**

Un dos principais puntos do acordo é a mellora dos rateos por aula, abordado co obxectivo de mellorar a atención ao alumnado, acadar unha docencia máis personalizada e manter os cadros de persoal do profesorado con independencia da caída da natalidade.

Neste sentido, o acordo fixa unha redución do rateo en todas as etapas educativas, de xeito que na de Infantil e Primaria pase dos 25 alumnos/aula actuais aos 20 alumnos/aula. No caso da etapa de ESO redúcese de 30 a 25 alumnos/aula e no caso do Bacharelato, de 33 (a lei estatal fixa 35) a 30 alumnos/aula.

Esta redución vaise implantar de xeito progresivo comezando en 4º curso de Educación Infantil a partir do vindeiro 2024/25 e así sucesivamente nos cursos posteriores. Non obstante, estes rateos xa van ter un efecto inmediato no conxunto do sistema a partir do próximo curso posto que, para efectos de crear ou suprimir unidades, sexan no curso que

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sexan, xa se van ter en conta os novos rateos. É dicir, que non haberá eliminación de unidades se a suma dos alumnos supera os novos rateos.

Ademais, todas as aulas de Infantil e Primaria que teñan actualmente entre 20 e 25 alumnos xa non van incrementar o seu número con respecto aos que tiveron o curso anterior, e oficialízase que o alumnado repetidor computará para efectos de rateos, cuestión que xa se estaba aplicando na práctica desde a pandemia.

Con esta redución de rateos, Galicia sitúase no grupo de cabeza das comunidades autónomas con menos alumnos por aula. Cómpre subliñar que xa contaba cun menor número de alumnos por profesor (9,8 fronte á media de España de 11,4).

### **Atención á diversidade**

Outro dos puntos máis destacados do acordo é o referido á atención á diversidade, xa que os nenos con necesidades educativas van ter unha consideración específica para efectos de rateos por aula, o que supón consolidar unha mellor integración e atención escolar a estes alumnos.

Froito deste acordo, cada alumno con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%, ou cun grao I de dependencia acreditada ou cun trastorno grave de conduta acreditada, vai computar por dous para efectos de rateos na aula. No caso de discapacidade recoñecida igual ou superior ao 65% ou cun grao II ou III de dependencia acreditada, computará por tres para efectos de rateos.

### **Horario lectivo**

No que atinxe ao horario lectivo, os mestres de Infantil e Primaria verán reducido o seu horario lectivo a partir do próximo curso, que pasa de 25 a 23 horas lectivas á semana, o que incidirá directamente nunha mellor atención ao alumnado. Ademais, desde xeito, Galicia sitúase no grupo de cabeza das comunidades con menos horas.

Ademais, no acordo inclúese un punto específico no que se empraza á negociación dunha nova regulación do horario lectivo da xornada de traballo do persoal funcionario e persoal laboral docente ao momento en que se aborde unha xornada de traballo de 35 horas semanais para todo o persoal da Xunta de Galicia.

### **Carreira profesional docente**

Tamén no que atinxe ao profesorado, o acordo aborda cuestións específicas para a consolidación dunha carreira profesional docente en que se prime a adquisición de competencias e a especialización para afrontar con éxito os retos de futuro en eidos como a innovación tecnolóxica nas aulas, a convivencia e o benestar.

Así pois, apróbase un incremento mensual do 20% do complemento específico que o profesorado recibe con base na súa formación permanente. Incentívase, deste xeito, esta práctica de actualización constante de coñecementos e destrezas que repercute nunha mellor atención ao alumnado. A suba realizarase ao longo de dous cursos, cun 10% consecutivo máis en cada un deles, polo que o primeiro 10% se vai aplicar xa a

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

partir de xaneiro. Tamén se indica que, transcorridos seis anos desde a sinatura do acordo, se requirirá que o profesorado acadase, como mínimo, o nivel B1 de competencia dixital docente. Para conseguilo, a Xunta comprométese a realizar unha oferta formativa suficiente.

Establécese un incremento de 60 euros mensuais no complemento por desempeño de funcións de goberno, tales como dirección, secretaría, xefatura de estudos, etc., así como para o persoal que realiza funcións de inspección. Trátase dun aumento lineal que se aboará en tres anos a razón de 20 euros acumulativos cada ano, que beneficiará tamén os responsables de centros pequenos con menos de tres unidades, algo especialmente relevante en zonas rurais, e a xefaturas de residencias, membros dos equipos de orientación específica ou asesores técnicos docentes, entre outros. Así pois, os 20 primeiros euros comezarán a aboarse xa desde xaneiro.

Tamén se incrementa un 20% mensual (repartido en dous anos, cun 10% inicial a partir de xaneiro) o complemento específico por desempeño de funcións de titoría; multiplícase por dous o importe das axudas por formación que recibe o profesorado, e regularanse as licenzas de formación non retribuídas.

### **Melloras burocráticas e de conciliación**

O acordo inclúe finalmente unha serie de medidas complementarias de carácter burocrático e enfocadas tamén á mellora da conciliación. Neste sentido, este mesmo curso constitúese un grupo de traballo encargado de elaborar un plan de simplificación de tarefas burocráticas nos centros, o que permitirá unha maior dedicación do persoal docente ás tarefas estritamente educativas. Trátase dunha medida que, novamente, está enfocada á mellora da atención que recibe o alumnado.

Así mesmo, establécese que os órganos de coordinación docente poidan realizar reunións telemáticas, sempre que así o decida o claustro ou o órgano convocante correspondente. Trátase dunha medida de flexibilidade que busca facilitar a conciliación dos traballadores do noso sistema educativo.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA PON EN VALOR A APROBACIÓN DE CINCO NOVAS CONVOCATORIAS DE CONCERTO SOCIAL PARA GARANTIR A ATENCIÓN ESPECIALIZADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE**

- Salienta que se destinarán máis de 100 M€ ao ano a garantir a continuidade dos servizos que reciben máis de 5000 usuarios
- Resalta que o Consello deu luz verde ao concerto nos eidos da discapacidade intelectual, física, o trastorno do espectro autista, a parálise cerebral e a enfermidade mental
- Súmanse ao destinado á atención a persoas con dano cerebral que se aprobou hai unhas semanas
- Resalta que grazas a esta medida “se consolida a rede pública” de recursos para as persoas con discapacidade e se evita que os usuarios “teñan que percorrer longas distancias” para acceder a unha praza pública

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou esta mañá que o Consello deu hoxe luz verde a cinco novos concertos sociais para a atención diúrna e residencial nos eidos da discapacidade intelectual, física, o trastorno do espectro autista, a parálise cerebral e a enfermidade mental, que se suman ao xa aprobado o mes pasado para os coidados a persoas con dano cerebral adquirido.

Rueda salientou que, coa tramitación destes concertos, o Goberno galego cumpre co acordo asinado coas entidades o pasado 20 de novembro “para garantir a continuidade dos servizos que reciben máis de 5000 usuarios” e que xestiona o terceiro sector. Para iso, tal e como resaltou o presidente, a Xunta destinará “máis de 100 millóns de euros” ao ano ao concerto social. Cada un destes concertos terá catro anos de duración e poderase prorrogar ata un máximo de dez anos.

En concreto, as prazas que se convocan en cada un destes concertos sociais son as seguintes: 33 prazas especializadas nos coidados a persoas que sofren enfermidades mentais; 257 para persoas con trastorno do espectro autista (TEA); outras 258 para persoas con discapacidade física; 293 para a atención a persoas con parálise cerebral e 4.050 prazas para a atención de persoas con discapacidade intelectual.

Rueda fixo fincapé en que a través dos concertos sociais consolídase a rede pública de recursos para atender persoas con discapacidade, evítase que os usuarios “teñan que percorrer longas distancias para acceder a unha praza pública” e dáse “unha maior estabilidade ás entidades” para que poidan manter no tempo servizos que son fundamentais para este colectivo. Precisamente, apuntou que este obxectivo era o “máis necesario e demandado” polas entidades sociais.

A convocatoria destes concertos publicarase nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia (DOG)* e prevese que os concertos coas entidades entren en vigor en marzo do vindeiro ano. Salientar, ademais, que se incrementa nun 30% o investimento con respecto aos contratos actuais.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INVISTE MÁIS DE 5,5 MILLÓNS DE EUROS EN ACTUALIZAR E AUMENTAR O MOBILIARIO DE HOSPITALIZACIÓN DA REDE SERGAS**

- O contrato permitirá adquirir as novas camas de hospitalización necesarias para pór en marcha a próxima ampliación do Hospital de Montecelo
- Renovaranse e ampliaranse camas tamén nos complexos hospitalarios de Ferrol, A Coruña e Santiago de Compostela
- O equipamento debe cumprir unha serie de características especiais para o confort de pacientes, a seguridade e a operatividade para a realización de probas diagnósticas e tratamentos

O Consello da Xunta autorizou, na súa reunión semanal, a contratación para a subministración sucesiva de mobiliario de hospitalización con destino a hospitais do Servizo Galego por un valor estimado de 5.691.332 euros durante dous anos.

Desta forma, actualízase e amplíase o número de camas de hospitalización e mesas de noite da rede de hospitais públicos galegos. O principal obxectivo deste acordo marco é adquirir as camas necesarias para a entrada en funcionamento do Novo Montecelo, xa que está próxima a finalización das obras de ampliación do centro hospitalario de Pontevedra. Ademais, tanto por ampliación de espazos como por obsolescencia das actuais camas, está previsto tamén adquirir nos vindeiros meses novas camas para os complexos hospitalarios de Ferrol, A Coruña e Santiago de Compostela.

O contrato prevé un prezo unitario de cama de hospitalización xeral e mesa de noite de 3.674 euros e, no caso da cama de ancho especial e a correspondente mesa, de 2.610 euros. En ambos os dous casos márcanse requisitos relacionados co confort dos pacientes, como os sistemas de regresión do leito da cama para aliviar de presión a zona da pelve ou evitar posicións anómalas do xeonllo, e características necesarias para, entre outras necesidades, permitir a realización de probas de diagnóstico por imaxe a un paciente encamado ou soportes portadores ou para botella de osíxeno.

Despois da autorización do contrato por parte do Consello da Xunta, procederá á aprobación do expediente de contratación ata a súa licitación. Desde a formalización do contrato, a empresa adxudicataria disporá dun mes para entregar o material ao Sergas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA COLABORA NO DESENVOLVEMENTO DUN ESTUDO DE INVESTIGACIÓN DIRIXIDO A MELLORAR A SAÚDE DA POBOACIÓN GALEGA**

- O programa Cohorte IMPaCT, recrutará en Galicia, a 12.000 persoas ás que se lles realizarán un seguimento ao longo de 20 anos mediante a realización de enquisas de saúde, probas físicas e toma de diversas mostras, cada 5 anos aproximadamente
- Mediante o seu estudo preténdese coñecer as causas das principais enfermidades e condicións de saúde, predicir o risco de padecer diferentes patoloxías e identificar biomarcadores de enfermidade subclínica ou en fases iniciais

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Profesor Novoa Santos, coa que completa a participación das tres fundacións de investigación sanitaria de Galicia no desenvolvemento do programa Cohorte IMPaCT na nosa comunidade.

Dotados con senllas partidas de 116.666 euros, o Executivo galego apoia o Programa Cohorte IMPaCT (Infraestructuras de Medicina de Precisión asociada á Ciencia e á Tecnoloxía), un proxecto cuxo obxectivo principal é avanzar no coñecemento sobre as principais causas de diversas patoloxías, e así predicir a súa aparición.

Así, tralas sinaturas co Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS) e a Fundación Biomédica Galicia-Sur (IISGS), a sinatura coa Fundación Profesor Novoa Santos, completa a distribución dunhas achegas económicas que se aproximará aos 350.000 euros.

O programa Cohorte IMPaCT, que conta co financiamento do Instituto de Saúde Carlos III e os fondos europeos (FEDER), recrutará en Galicia a 12.000 persoas, uns participantes aos que se lles realizará un seguimento ao longo de 20 anos, mediante a realización de enquisas de saúde, probas físicas ou toma de diversas mostras, cada 5 anos aproximadamente.

No caso da área sanitaria da Coruña e Cee, o proxecto desenvolverase no centro de saúde San José, onde se levarán a cabo as actividades indicadas polo CIBER (Consorcio Centro de Investigación Biomédica en Rede) e o Servizo Galego de Saúde.

Deste xeito, Cohorte IMPaCT seleccionará 4.000 participantes en cadansúa área sanitaria (Santiago de Compostela e Barbanza, A Coruña e Cee e Vigo), definindo un grupo de persoas representativo da poboación galega, ademais de ter en conta a variabilidade étnica e a diversidade xeográfica e ambiental.

Mediante a realización de enquisas, diferentes probas antropométricas, exploracións cardiovasculares, de audición, orais, cribados de diabetes, test cognitivos ou analíticas

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de sangue, feces, ouriños e uñas, búscase mellorar a comprensión das causas das principais enfermidades e condicións de saúde, aumentar o coñecemento dos efectos sobre a súa de múltiples factores (estrutura social e económica, xénero, ocupación e condicións laborais, contorna física, ambiente microbiano ou factores psicolóxicos e estilo de vida), predicir o risco de enfermidade e identificar biomarcadores de enfermidade subclínica ou en fases iniciais.

Grazas aos datos que se obteñan deste estudo, desenvolveranse modelos predictivos que se usarán en medicina preventiva de forma individualizada e personalizada en función das características ambientais do lugar de residencia ou da posición socioeconómica de cada paciente. Isto axudará ao diagnóstico precoz das principais enfermidades e a mellorar as estratexias terapéuticas mediante o tratamento especializado.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA PRORROGA O CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE ENFERMOS DE RIL (ALCER) PARA O TRASLADO DE PACIENTES AOS CENTROS DE HEMODIÁLISE NA PROVINCIA DE LUGO**

- O Consello da Xunta autorizou esta mañá a prórroga deste acordo, ao cal a Administración galega destina preto de 700.000 euros
- O servizo percorre unha media de 71.300 quilómetros ao mes, trasladando unha media mensual de 164 pacientes e realizando 54 rutas

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o terceiro acordo de prórroga do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Enfermos de Ril (Alcer). O acordo de colaboración data do 15 de decembro do ano 2020 e posibilita garantir a cobertura do servizo de traslado de pacientes aos centros de hemodiálise na provincia de Lugo.

O obxectivo do convenio, que se prorroga ata o 14 de decembro de 2024, é simplificar as prestacións por desprazamento das persoas desta provincia afectadas por insuficiencia renal crónica que reciben tratamento de hemodiálise. Así, o importe anual da subvención da prórroga deste convenio é de 672.880 euros.

O labor de Alcer é mellorar as condicións de vida do colectivo de enfermos de ril na provincia de Lugo e, entre outras actividades, encárgase de xestionar o traslado dos pacientes aos centros sanitarios para recibir tratamento de hemodiálise.

Deste xeito, os pacientes que teñan que acudir aos diferentes centros distribuídos pola provincia luguesa para seren tratados con hemodiálise serán trasladados en taxi ou, se así o require a súa condición clínica, en ambulancia.

O servizo traslada unha media mensual de 164 pacientes, realizando 54 rutas e unha media de 71.300 quilómetros cada 30 días.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **XUNTA E UNIVERSIDADE DE VIGO ASINAN UN CONVENIO PARA ESTENDER O USO DAS INSTITUCIÓNS SANITARIAS Á DOCENCIA DO MÁSTER EN ENXEÑARÍA BIOMÉDICA**

- O Executivo galego investirá unha partida de 75.134 euros para a creación e o mantemento da figura de coordinador do ámbito na Enxeñaría Biomédica, durante os vindeiros catro anos
- Desde o ano 2021, os estudantes do grao de Enxeñaría Biomédica xa realizaban unha parte da súa formación nas instalacións do Servizo Galego de Saúde. Agora, este uso esténdese tamén ao alumnado dos estudos de máster desta especialidade

O Consello da Xunta deu o visto e praxe esta mañá, na súa xuntanza semanal, a un novo convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Vigo para a utilización das instalacións sanitarias na realización de actividades docentes do máster en Enxeñaría Biomédica. Así, o Executivo galego achegará unha partida económica de 75.134 euros, que se distribuirá nunhas achegas anuais de 18.783 euros durante os vindeiros catro exercicios.

Desde o ano 2021, os estudantes do grao de Enxeñaría Biomédica xa levaban a cabo unha parte da súas actividades formativas nas instalacións do Servizo Galego de Saúde. Agora, mediante este acordo entre o Sergas e a Universidade de Vigo, posibilitase a extensión do seu uso tamén para o alumnado que cursa os estudos de máster desta especialidade.

Xunto con esta ampliación no uso das infraestruturas sanitarias, o convenio asinado ten como obxectivos principais, por unha banda, cofinanciar (50%) o custo vinculado á creación e ao mantemento da figura de coordinador do ámbito na Enxeñaría Biomédica, e, por outra banda, promover a oferta de prazas para a incorporación de estudantes en prácticas e a realización dos traballos fin de máster (TFM) nos centros asociados pertencentes a Área Sanitaria de Vigo.

A colaboración estará orientada á formación do alumnado en materias como: Estrutura e Patoloxía Médica, Estrutura e Patoloxía Médico-Cirúrxica, Enxeñaría Clínica e Hospitalaria, "Fundamentos de Tecnoloxía Hospitalaria ou Prácticas de Tecnoloxía Hospitalaria.

A enxeñaría biomédica é unha ciencia interdisciplinaria baseada na medicina, na bioloxía e na enxeñaría, e é fundamental para unha gran variedade de tecnoloxías sumamente innovadoras e produtos ou procesos do sector da asistencia sanitaria. Así, a participación activa dos profesionais sanitarios na docencia supón un estímulo importante para a súa actualización e formación continuada, o que redundará nunha maior satisfacción dos profesionais e nunha mellor atención aos cidadáns.

A Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo comparten o obxectivo común de contar cunha formación sanitaria avanzada, integral e de alto nivel.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por este motivo, ambas as institucións reforzan, unha vez máis, a súa colaboración e lle dan continuidade ao traballo conxunto que xa desenvolvían no grao en Enxeñaría Biomédica, ao incorporar a figura do coordinador do ámbito na enxeñaría biomédica, e a ampliación do uso das instalacións sanitarias por parte do alumnado de máster desta especialidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AFORRA PRETO DE 400.000 EUROS AO ANO CO NOVO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE REACTIVOS E MATERIAL FUNXIBLE PARA OS LABORATORIOS DE MICROBIOLOXÍA DA ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS**

- O valor estimado do contrato é de 9,7 millóns de euros en cinco anos de duración; é dicir, 1,9 millóns de aforro con respecto aos prezos anteriores
- A licitación incluírá como novidade un sistema automatizado de procesado das mostras

O Consello da Xunta aprobou, na súa xuntanza semanal, a contratación da subministración sucesiva de reactivos e material funxible dos laboratorios de Microbioloxía da área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, durante 36 meses máis as posibles prórrogas, por un valor estimado de 9.748.284 euros e aforrando 1,9 millóns con respecto aos prezos actuais.

Dividido en seis lotes, o Servizo Galego de Saúde busca afrontar os retos aos que o servizo de microbioloxía debe dar resposta, como son o diagnóstico e seguimento da infección aguda por virus respiratorios (en particular a infección por virus Sars-CoV-2, Influenza A&B e Virus Respiratorio Sincitial), control da tuberculose, o control das infeccións de transmisión sexual, a estratexia de erradicación da Hepatite C coa posta en marcha do cribado oportunista etario, a emerxencia da era da multirresistencia aos antibióticos, a importancia de aplicar na clínica diaria o concepto de "One Health" (que a saúde humana, animal e ambiental son interdependentes) e a adopción de procedementos diagnósticos que respecten o medio ambiente e a bioseguridade.

Así, entre outras utilidades, poderá cuantificarse a carga viral de VIH-1, VHB, VHC, CMV, EBV e detección de virus respiratorios mediante bioloxía molecular, detectar xenes de multirresistencia e microbacterias e fungos invasivos mediante técnicas de diagnóstico molecular ou detectar antíxenos con probas rápidas.

Como novidade, o contrato incorpora no lote 1 un sistema de robotización para procesamento de mostras mediante cultivo. A utilización deste sistema permite mellorar a eficiencia e incrementar a produtividade do laboratorio.

Tras a aprobación polo Consello da Xunta, o contrato sairá a licitación e, segundo o previsto, entrará en vigor en marzo de 2024 para rematar en 2027 tras 36 meses.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APOIA CON 700.000€ AS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PROMOVER A INSERCIÓN LABORAL E SOCIAL DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO**

- O Consello da Xunta autorizou hoxe esta liña de axudas que crece con respecto a 2022 nun 3% para seguir dando o máximo apoio ás vítimas de violencia machista
- Financiaranse cun máximo de 80.000 euros os programas das asociacións encamiñados a favorecer a integración laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero, xa que o emprego é o primeiro paso para acadar a independencia con respecto ao agresor
- A iniciativa da Xunta permitiu desde 2016 que 480 mulleres acadasen a súa inserción laboral
- Os orzamentos de Igualdade para 2024 incrementan nun 14,46%, ata os 23,5 millóns, o orzamento destinado a combater a violencia de xénero

A Xunta destinará o vindeiro ano 700.000 euros, un 3% máis que en 2023, a apoiar as entidades sen ánimo de lucro para promover a inserción social e laboral das vítimas de violencia de xénero. O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria desta liña de axudas que se prevé convocar no mes de xaneiro.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade apoia con esta iniciativa a inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero. En concreto, financiaranse os programas deseñados por entidades sen ánimo de lucro encamiñados a favorecer a integración laboral destas mulleres, xa que un emprego é o primeiro paso para acadar a independencia con respecto ao agresor.

As axudas, por unha contía máxima de 80.000 euros por entidade, van dirixidas á posta en marcha por parte dos colectivos que resulten beneficiarios das axudas de itinerarios de inserción que inclúan un plan de acción personalizado para a busca de emprego, orientación profesional e asesoramento laboral, así como un acompañamento na busca activa de traballo e outras accións dirixidas a incrementar as posibilidades de inserción laboral das participantes.

Tamén se financian iniciativas de formación para o emprego co fin de formar e capacitar as mulleres para o seu acceso ao mercado de traballo, así como actuacións de apoio á conciliación dirixidas a facilitar a participación das mulleres nas accións establecidas no seu itinerario de inserción sociolaboral e na formación para o emprego.

A Xunta, ademais, inclúe neste programa de axudas bolsas específicas para compensar determinados gastos en que se poidan incurrir por participar no programa e que incentive a súa participación nel.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A orde de axudas establece a obriga de acadar un mínimo do 10% de inserción laboral das participantes na iniciativa. Entre 2016 e este ano 2023 lograron a súa inserción laboral grazas a este programa unhas 480 mulleres. Esta medida que impulsa a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade enmárcase nas accións incluídas por Galicia no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Estas axudas forman parte do conxunto de actuacións que a Xunta mantén desde hai anos para apoiar e garantir a protección das vítimas. Para combater a violencia machista, o departamento autonómico elevará en 2024 un 14,46%, ata os 23,5 millóns de euros, o orzamento neste eido para seguir dando a estas mulleres os recursos e a protección que precisan.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINARÁ CASE 600.000 EUROS A FORMAR PERSOAL DE SINDICATOS E ENTIDADES EMPRESARIAIS EN MATERIA DE DIÁLOGO SOCIAL E NEGOCIACIÓN COLECTIVA**

- A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade lanzará por terceira vez esta convocatoria que prevé achegas para a impartición de cursos, seminarios, encontros internacionais e paneis sobre estas temáticas
- O Goberno galego marca como áreas de formación prioritaria a igualdade laboral, a conciliación, actuacións fronte ao acoso, formación continua para o emprego, os procesos de dixitalización ou a responsabilidade social empresarial, entre outras

A Xunta de Galicia destinará case 600.000 euros en 2024 a mellorar a formación do persoal das organizacións sindicais e empresariais en materia de diálogo social e negociación colectiva.

A Comunidade convoca por terceira vez estes apoios, cos cales financiará cursos, encontros internacionais, xornadas ou foros e obradoiros sobre as boas prácticas neste contexto.

Apoiar a formación dos axentes sociais neste eido é fundamental para acadar avances en cuestións de prioridade para a Xunta de Galicia, como a igualdade laboral. Tamén para implementar máis e mellores medidas de conciliación nas empresas e avanzar na responsabilidade social empresarial.

A través do diálogo social e da negociación colectiva, en definitiva, pódese avanzar no benestar das persoas traballadoras e na consecución dunha maior calidade do emprego.

Precisamente as medidas que fomenten a igualdade entre homes e mulleres; os salarios, fenda salarial e categorías profesionais; a conciliación da vida laboral e familiar (permisos, licenzas, adaptación de xornada e horario laboral, teletraballo, etc.); os protocolos de actuación fronte ao acoso; a formación continua e para o acceso ao emprego; a gobernanza da dixitalización e robotización; ou a responsabilidade social empresarial (RSE) son as áreas de formación de prioridade no marco desta orde.

A convocatoria conta con dúas liñas de apoio diferenciadas, segundo se trate de formar en materia de diálogo social (á cal se destinarán cerca de 409.000 euros) ou de negociación colectiva (algo máis de 172.000 euros).

Poden optar a ela como beneficiarias organizacións sindicais, empresariais ou fundacións, ou outras entidades constituídas por ambas as dúas.

Como destinatarias finais das formacións constan as persoas vinculadas con estas entidades que, en razón da súa actividade, estean relacionadas cos procesos de

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

negociación colectiva e/ou diálogo social, ben sexa mediante participación directa, ben a través da súa dirección, apoio ou asistencia técnica.

Con este tipo de medidas, a Xunta de Galicia quere contribuír a reforzar o diálogo social e a negociación colectiva en favor de contornos de traballo que avoguen polo benestar e a igualdade das persoas empregadas. Trátase de avanzar no obxectivo de acadar un emprego de maior calidade que permita atraer e reter talento na Comunidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA DESTACA A AMPLIACIÓN E MELLORA DA DOTACIÓN DE MEDIOS AÉREOS DA XUNTA PARA REFORZAR A LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS NOS VINDEIROS CATRO ANOS CUN ORZAMENTO QUE SUPERA OS 38 M€**

- Informou de que o Consello do Goberno galego autorizou hoxe a contratación de seis avións de carga en terra e dun servizo integral de helicópteros e brigadas, con outros seis aparellos máis, para os anos 2024, 2025, 2026 e 2027
- No caso dos helicópteros e as brigadas, o contrato poderá ser prorrogado por un período máximo de 24 meses para as anualidades de 2027, 2028 e 2029
- A contratación dos avións de carga en terra suporá a ampliación do servizo durante máis tempo ao longo do ano e a incorporación ao dispositivo de dous novos aparellos, que se destinarán á futura base de Verín-Oímbra, enmarcada nun proxecto europeo de colaboración entre España e Portugal
- Deste xeito optimízase a operatividade destes medios procurando dar unha resposta o máis áxil, rápida e eficaz posible aos lumes

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, destacou hoxe a autorización do Consello da Xunta de dúas contratacións por valor de máis de 38 millóns de euros destinadas a ampliar e mellorar a dotación de medios aéreos "para reforzar a loita contra os incendios forestais". Segundo precisou, trátase de dous procedementos, un destinado a contratar un total de seis avións de carga en terra e o outro para a subministración dun servizo integral de helicópteros e brigadas (catro en total), con outros seis aparellos máis.

O período de contratación de ambos servizos prolongarase ao longo dos vindeiros catro anos e, no caso dos helicópteros e as brigadas, poderá ser prolongado por un período máximo de 24 meses para as anualidades de 2027, 2028 e 2029. O importe de licitación ascende, en conxunto, a 38,1 millóns de euros. Deles, Rueda explicou que 24,8 millóns corresponden aos helicópteros e as brigadas e os restantes 13,3 millóns aos avións de carga en terra.

No caso dos avións, o novo contrato suporá contar con dous aparellos máis e o servizo prolongarase por un maior período de tempo, de oito meses ao ano, é dicir, un mes e medio máis que ata o de agora. Así, o servizo estará constituído por seis avións durante 4.320 días de servizo, cun total de 4.320 horas de voo.

#### **Helicópteros e brigadas**

Con respecto aos helicópteros e as brigadas, o servizo prestarase por un total de seis aparellos de tipo medio, podendo coincidir ou non todos no mesmo momento. Inclúese tamén a prestación de catro brigadas helitransportadas que tamén poderán coincidir ou non de xeito simultáneo. A contratación será de 3.109 días de dispoñibilidade de helicóptero, cun total de 4.344 horas de voo contratadas. As brigadas helitransportadas prestarán servizo durante 1.842 días.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En ambos os dous casos -avións e helicópteros-, o prazo total de duración do contrato será dun máximo de 36 meses desde o 1 de xullo de 2024 (ou desde o día seguinte ao da formalización do contrato, de ser posterior) e o servizo prestarase durante as anualidades de 2024, 2025, 2026 e 2027. Na dotación de helicópteros e brigadas, contéplase a posibilidade de prórroga do contrato, que se acordará antes da finalización do seu período ordinario de execución, e que poderá ser ampliado por un período máximo de 24 meses para as anualidades de 2027, 2028 e 2029.

Tamén nos dous casos, as aeronaves contratadas quedarán a plena e exclusiva disposición da Consellería do Medio Rural para a súa aplicabilidade nas diferentes misións de loita contra os incendios, ou calquera outra relacionada con esta materia e que a Xunta dispoña, sempre de acordo coas prestacións técnicas dos aparellos.

### **Rapidez e axilidade**

O número medio de incendios e a simultaneidade na súa incidencia fan que a Administración necesite dotarse, dentro do seu dispositivo de prevención e defensa, de medios aéreos que, de forma rápida, poidan acudir aos incendios e participar na súa extinción. Debido á heteroxeneidade que presenta a orografía galega e ás distintas tipoloxías de incendios, é preciso dispor de medios aéreos de distintas clases, orientados cada un a un tipo de misión distinta. As diferentes misións que levan a cabo os medios aéreos son -ademais do lanzamento de axentes extintores como auga e retardantes- o transporte de persoal (só os helicópteros), a vixilancia de zonas de risco de incendios e a coordinación doutras aeronaves que actúan nun incendio.

O caso particular do emprego de avións de carga en terra nestas tarefas ten resultados moi positivos. Trátase dun medio que, debido á súa axilidade e rapidez nos desprazamentos, resulta moi útil para a extinción de incendios nun radio de 30-40 quilómetros desde a súa base operativa.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA COLABORA COS GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA PARA ATENDER A XESTIÓN DO PROGRAMA LEADER EN 2024 CUN ORZAMENTO DE MÁIS DE 2 M€**

- A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural asina unha terceira addenda aos convenios de colaboración cos 24 GDR de Galicia para concederlles axudas de financiamento de medios humanos e materiais para desempeñar as súas funcións
- Esta actuación enmárcase dentro da medida Leader, destinada ao funcionamento dos GDR, do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para a cal se destinaron máis de 13 millóns de euros nos últimos catro anos
- O programa Leader persegue a aplicación do desenvolvemento rural baseado, principalmente, na participación da poboación local que se busca asegurar a través dos GDR
- A addenda terá vixencia ao longo do próximo ano, no cal se producirán os seus beneficios económicos para cada un dos GDR

O Consello da Xunta aprobou a sinatura da terceira addenda aos convenios de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, dependente da Consellería do Medio Rural, e os 24 grupos de desenvolvemento rural (GDR) de Galicia. A través dela destinaranse máis de 2 millóns de euros para que estas entidades territoriais poidan atender a xestión do programa Leader ao longo do ano 2024.

A colaboración entre a Xunta e os 24 GDR para a xestión deste programa regúlase mediante os convenios asinados en decembro de 2016, e as addendas supoñen a súa continuación. Con esta terceira outórgaselle unha nova achega, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

A dotación económica permitirá a cobertura financeira de gastos estruturais que poida xerar a xestión dos proxectos do programa Leader en 2024, na súa colaboración coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Isto favorecerá o desenvolvemento económico dos territorios onde operan cada un dos GDR e, en consecuencia, da poboación que vive neses lugares onde poñen en marcha estratexias e proxectos de dinamización.

As axudas que se veñen concedendo a estes grupos acumulan nos últimos catro anos, desde a sinatura da primeira addenda en 2020, unha cantidade de máis de 13 millóns de euros concedidos para o financiamento destes gastos de funcionamento xerados no marco de colaboración coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural no programa Leader.

Esta addenda, que se asinará o vindeiro 12 de decembro, terá vixencia ao longo do 2024, no cal se producirán os efectos económicos do seu exercicio orzamentario. Ademais, cómpre destacar que no vindeiro ano se asinará un novo convenio no marco do PEPAC

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

destinado ao funcionamento dos grupos de desenvolvemento rural para o período 2024-2027.

### **Enfoque Leader**

O programa Leader persegue a aplicación do desenvolvemento rural baseado principalmente na participación da propia poboación do territorio, integrando os recursos e axentes, tanto económicos como humanos, que existan na comarca de actuación.

Na liña de asegurar a participación da sociedade rural, constituíronse os GDR, entidades sen ánimo de lucro, con socios públicos e privados, que seleccionan os proxectos que lles permiten levar a cabo as estratexias de desenvolvemento. Estes grupos contan cun enfoque multisectorial e traballan co obxectivo de contribuír a un desenvolvemento rural equilibrado, incluíndo a creación e a conservación de emprego.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA PON AS TECNOLOXÍAS INTELIXENTES AO SERVIZO DA SAÚDE E BENESTAR DAS PERSOAS NAS RESIDENCIAS DE MAIORES E DISCAPACIDADE

- O Consello de Goberno recibiu un informe sobre o grao de execución dos proxectos enmarcados no Modelo dixital de atención sociosanitaria para residencias de maiores e discapacidade.
- A Residencia Intelixente permite mellorar o confort, os coidados, o control do estado de saúde e aumenta a seguridade das persoas residentes
- As constantes das persoas residentes están controladas por un sistema que automatiza a toma de biomedidas
- O cuarto intelixente mellora o sistema de comunicación da persoa residente coa enfermaría e dispón dun sistema que monitoriza a actividade, seguridade e confort
- Unha plataforma tecnolóxica centraliza toda a información sobre xestión da residencia e sobre a xestión asistencial ás persoas e integra os centros de Política Social co Servizo Galego de Saúde

O Consello da Xunta recibiu hoxe o informe sobre o grao de execución dos proxectos enmarcados no Modelo dixital de atención sociosanitaria que poñen as tecnoloxías intelixentes ao servizo das persoas nas residencia de maiores e discapacidade.

O modelo foi elaborado conxuntamente pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Consellería de Política Social e Xuventude, e as actuacións afectarán os centros actualmente de titularidade da Consellería de Política Social e Xuventude, así como os futuros centros de coidados intermedios e os centros do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.

O informe refírese a tres actuacións concretas: a automatización da toma de biomedidas, o cuarto intelixente e a plataforma de sistemas sociosanitarios para centros residenciais.

#### **Automatización da toma de biomedidas**

A automatización da toma de biomedidas consiste no uso dun dispositivo industrial de tipo tableta e dunha estación de traballo móbil nos cales se integran sen fíos os diferentes elementos para a toma de biomedidas das persoas residentes. Estas medidas trasládanse de xeito inmediato á aplicación de xestión corporativa dos centros asistenciais (CENPOS). A automatización destes procesos reduce as posibilidades de erros e xera unha descarga de traballo administrativo diario do persoal, que pode investir ese tempo noutras tarefas como coidados diarios, execución de escalas de valoración ou actividades de Plan de atención individual.

Na actualidade, o sistema está integrado con báscula, termómetro, tensiómetro, pulsioxímetro, glicómetro e electrocardiograma.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O sistema está en funcionamento xa en 24 das 28 residencias e centros previstos. Dous máis estarán listos antes de fin de ano e os dous restantes (correspondentes a centros de cuidados intermedios) estarán en 2024. En total haberá 88 estacións, o que implica unha media de máis de 3 estacións por centro.

### **Cuarto intelixente**

O novo modelo de cuarto intelixente incide, por unha banda, na seguridade e confort das persoas residentes e, pola outra, na realización dos cuidados por parte dos profesionais, sobre todo de enfermaría.

O modelo está integrado por dous sistemas para a comunicación das persoas residentes coa enfermaría e para a monitorización da actividade, seguridade e confort.

O sistema de comunicación da persoa residente coa enfermaría consiste na instalación nos cuartos dun terminal táctil de cuarto (TTC). Trátase dunha tableta deseñada especificamente para o seu uso en contornos sociosanitarios. Ademais da comunicación entre pacientes e enfermaría, os dispositivos están integrados co sistema de xestión corporativo dos centros (CENPOS).

A solución incorpora pulsadores de cama e tiradores de baños, que comunican sen fíos co TTC e permiten ás persoas solicitar axuda e comunicarse por voz. Ademais dos sistemas luminosos no exterior do cuarto, a solución conta con paneis de control localizados en zonas comúns do centro. Ademais dos terminais, as solicitudes poden ser atendidas tamén desde teléfonos móbiles. Todo o sistema está integrado na aplicación CALAS, desde a cal se xestionan e rexistran todos os avisos.

O sistema de monitorización de actividade, seguridade e confort da persoa residente analiza a información procedente de sensores, así como os padróns de comportamento para identificar cambios que poidan indicar situacións de risco ou necesidade de axuda. Os sensores están localizados tanto nos cuartos como no resto do centro.

O modelo de cuarto intelixente está a ser instalado en 22 residencias e centros de atención. En sete delas xa está e no resto, no primeiro semestre de 2024.

Outra innovación que estará presente en todas as residencias da Xunta antes de que remate o ano é o sistema de rehabilitación virtual física e cognitiva. Este proxecto aproveita a realidade virtual para, a través de xogos, exercitar e mellorar as capacidades motoras e cognitivas dos residentes.

### **Plataforma de sistemas sociosanitarios**

Por último, a plataforma de sistemas sociosanitarios para centros residenciais engade novas funcionalidades ao sistema de información corporativo dos centros (CENPOS).

Entre esta novas funcionalidades están a integración do CENPOS e os sistemas do Servizo Galego de Saúde; incremento das funcionalidades en mobilidade con utilidades

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

específicas para os profesionais das áreas de mantemento e almacén, limpeza ou cociña e comedor; ampliación das funcionalidades do CENPOS aos centros do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar; ampliación do sistema de cadros de mando como instrumento de control e seguimento da actividade asistencial global; aplicación dos sistemas de sinatura biométrica; integración co XESAC, o novo sistema de xestión de quendas do persoal e integración cos novos sistemas de recuperación física e estimulación cognitiva virtual.

Entre as principais novidades da plataforma pódese destacar a posibilidade de utilizar un dispositivo móbil para o uso do sistema de información desde diferentes estancias do centro. Por outra banda, os cadros de mando residencial permiten a visualización de diferentes indicadores de atención no ámbito asistencial e apoian o proceso de certificación da calidade.

A vista residente 360° permite a visualización nunha soa pantalla dos diferentes ámbitos dunha persoa usuaria do centro, tanto no aspecto identificativo como asistencial e social.

En 2023 puxéronse xa en marcha os sistemas de cadros de mandos e vista residente 360°. O resto das funcionalidades poranse en marcha ao longo de 2024.

As tres actuacións suman investimentos de máis de 7 millóns de euros (sen IVE), dos cales 3,35 corresponden á Plataforma; 3,16 ao cuarto intelixente e 551.200 € á automatización na toma de biomedidas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA PROHIBIRÁ O USO DOS MÓBILES NOS RECREOS, NO COMEDOR E NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

- Asegura que esta medida permitiría “impulsar as relacións interpersoais e mellorar a convivencia”
- Aclara que se consensuará coa comunidade educativa a franxa de idade na que se aplicará esta medida, que se prevé pór en marcha no segundo trimestre do curso, tras a volta das vacacións de Nadal
- Salienta que Galicia é unha das catro comunidades que xa non deixaba utilizar os dispositivos nas aulas
- Lembra que, na actualidade, “o 75% dos centros de secundaria xa prohibe o teléfono no tempo de lecer
- De xeito complementario, porase en marcha unha aplicación no programa E-Dixgal para reforzar as medidas de navegación segura
- Como novidade, distribuirase unha Guía de boas prácticas E-Dixgal

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Xunta vai prohibir o uso dos móbiles no tempo de lecer do alumnado nos centros educativos. En concreto, será nos recreos, no comedor, nas entradas e saídas ou as actividades extraescolares. O mandatario galego defendeu esta medida para “impulsar as relacións interpersoais e mellorar a convivencia” nos colexios e institutos galegos.

Rueda lembrou que Galicia é hoxe en día unha das únicas catro comunidades autónomas que non permite estes dispositivos nas aulas agás se é con fins pedagóxicos e baixo supervisión do profesorado, tal e como quedou recollido en 2015 no decreto que desenvolve a Lei de convivencia e participación da comunidade educativa.

Ata o momento, é cada centro educativo o que, no marco da súa autonomía, decide se permitir ou non estes dispositivos nos recreos e noutros períodos non lectivos. Pero, como explicou o presidente, a Xunta constatou que actualmente “o 75% dos centros de secundaria xa prohibe o uso dos móbiles no tempo de lecer” que os estudantes pasan no instituto. Polo tanto, apuntou que o Goberno galego o que busca con esta decisión é “estender esta prohibición”.

A medida enmárcase na liña 5 do novo Plan integral de acoso escolar e ciberacoso 2023-25, centrada no deseño e desenvolvemento de iniciativas que contribúan a pór freo a calquera situación deste tipo. O seu obxectivo é revisar e actualizar a normativa vixente co fin de conseguir unha convivencia positiva nos centros educativos, no ámbito da tolerancia cero a todo tipo de acoso, e mellorar igualmente o benestar dixital.

Rueda aclarou que se abordará coa comunidade educativa cal vai ser a franxa de idade a que se lle vai aplicar esta prohibición, ao tempo que lle pediu colaboración nesta medida, da que admitiu que a súa aplicación “non é sinxela, pero si posible”. Do mesmo xeito,

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

adiantou que a intención “ambiciosa” é que esta medida comece a aplicarse no segundo trimestre deste ano, “tras a volta de vacacións do Nadal”.

### **Melloras no libro dixital**

De xeito complementario, Rueda avanzou que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, en colaboración coa Consellería de Educación, vai reforzar a navegación segura do alumnado no marco do proxecto de libro electrónico gratuito E-Dixgal, a través do cal 64.200 alumnos contan cun ultraportátil en réxime de préstamo para o seu uso.

Hai 630 colexios e institutos adheridos voluntariamente, desde 5º de Primaria a 4º de ESO, que desenvolven parte da súa actividade nun contorno virtual de aprendizaxe que lles permite acceder a contidos dixitais totalmente gratuítos para as familias. O presidente explicou que no centro os ordenadores se conectan á rede corporativa da Xunta, que non deixa acceder a contidos inapropiados, e na casa os rapaces poden empregar os ordenadores sen conexión, o que lles permite gardar todo o traballo e cargalo de novo no centro.

Dado que en ocasións se conectan á rede da internet doméstica sen supervisión familiar, instalárase unha nova aplicación que dará ás familias maior seguridade sobre o coidado e benestar dixital dos seus fillos. A aplicación, xa testada nalgúns centros de xeito satisfactorio, cargarase progresivamente de xeito automático nos portátiles E-Dixgal e o despramento quedará completo en xaneiro, o que permitirá filtrar a actividade dun equipo informático, evitando accesos non autorizados a sitios con información sensible ou que non son axeitados para o alumnado.

Ademais, está previsto pór á disposición da comunidade educativa unha Guía de boas prácticas E-Dixgal. Nela inclúense ligazóns a documentos e informes de referencia en identidade e competencia dixital, abórdanse os diferentes recursos tecnolóxicos e tradicionais das aulas E-Dixgal e as múltiples posibilidades de aproveitamento da educación dixital para novos enfoques metodolóxicos, entre outros aspectos.

### **Formación para a ciberseguridade**

A Xunta de Galicia ten en marcha un amplo abano de iniciativas para reforzar a competencia básica dixital de toda a comunidade educativa no uso seguro e responsable da internet, así como o coñecemento dos riscos asociados ao ciberacoso.

Neste sentido, son máis de 200 os centros que participan no programa *Iniciación segura á pegada dixital*, dirixido a capacitar o alumnado de 2º, 3º e 4º de ESO no uso seguro, responsable e proveitoso das TIC. Pola súa banda, *Navega con Rumbo* chegou o pasado curso a 240 centros de ensino de toda Galicia. Dirixido ao alumnado de 5º e 6º curso de Primaria, 1º de ESO e 1º de FP Básica, este programa ten como obxectivo favorecer o uso responsable da internet e das redes sociais entre alumnado, profesorado e familias.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, lévanse realizados máis de 1.500 relatorios en materia de ciberseguridade en centros de ensino ao abeiro do Plan director para a mellora da seguridade nos centros educativos e na súa contorna, impartidos por axentes e expertos das forzas e corpos de seguridade do Estado. Tamén en colaboración con eles, 34 centros galegos participaron este ano na CiberLiga preamateur de ciberseguridade.

Así mesmo, iniciativas como Educación Responsable (coa participación de 42 centros) e o premio de boas prácticas ConVivimos afondan no benestar emocional e tratan tamén a educación dixital. No eido das familias, a capacitación no uso seguro da internet abórdase igualmente desde as escolas de nais e pais, fundamentalmente.

No que atinxe aos docentes, o Plan anual de formación do profesorado inclúe formación especializada neste ámbito para que contén cos coñecementos e as ferramentas necesarias para o seu desenvolvemento profesional nun contorno cibernético seguro.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **AS AXUDAS DA XUNTA PARA APOIAR A TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS AGRARIOS MOBILIZARON INVESTIMENTOS POR CASE 556 M€ NO RURAL GALEGO DESDE 2016**

- En conxunto, financiáronse 552 proxectos, cunha axuda total de 171,9 millóns de euros
- Para seguir avanzando nesta liña de traballo, o Goberno galego convocará a finais deste mesmo mes de decembro unha nova orde de achegas para 2024, dotada con 30 millóns de euros e que, como novidade, dará axudas adicionais ás cooperativas
- Estas subvencións van dirixidas aos titulares de instalacións dedicadas a transformar ou comercializar produtos agroalimentarios, e con elas fináncianse investimentos tanto para a construción e reforma de inmobles como para a compra de maquinaria ou programas informáticos
- Os sectores lácteo e cárnico son os que maior peso teñen nestas achegas, xa que entre ambos abranguen a metade dos proxectos subvencionados e tres cuartas partes dos importes das axudas e dos investimentos

As axudas para apoiar a transformación e comercialización de produtos agrarios, xestionadas pola Xunta, permitiron a mobilización dun total de 555,69 millóns de euros en investimentos desde 2016. En conxunto, financiáronse 552 proxectos, cunha axuda total de 171,9 millóns de euros. Para continuar nesta liña, o Goberno galego convocará, a finais deste mesmo mes de decembro, unha nova orde de achegas para o ano 2024 que estará dotada con outros 30 millóns de euros.

O obxectivo desta iniciativa é seguir desenvolvendo o tecido industrial do agro galego que, ademais de dar valor engadido ao producido na nosa comunidade, favorece tamén a mellora e modernización das explotacións agrarias. Con este mesmo fin, as políticas agrarias das administracións públicas, especialmente as da Unión Europea, apoian a industrialización agroalimentaria con programas concretos de actuación. Xa que logo, estas axudas xestionadas pola Consellería do Medio Rural camiñan nesta mesma dirección.

Estas subvencións están cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco, en primeiro lugar, do Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 e, a continuación, polo Plan estratéxico da PAC 2023-2027. Van dirixidas ás persoas físicas ou xurídicas titulares de instalacións dedicadas a transformar ou comercializar produtos agroalimentarios.

Fináncianse todo tipo de investimentos -ata un máximo do 50 % dos custos subvencionables-, caso da construción e a reforma de inmobles, así como a compra de maquinaria nova ou de programas informáticos, entre outros. A orde complementase co instrumento financeiro que permite conceder, aos solicitantes que o precisen, garantías para préstamos destinados a financiar os investimentos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Papel protagonista dos sectores lácteo e cárnico**

Por sectores, os que maior peso teñen nestas axudas son, con diferenza, o lácteo e o cárnico. Así, entre ambos abranguen a metade dos proxectos subvencionados e tres cuartas partes dos importes das axudas e dos investimentos. No que atinxe ao lácteo, estas axudas son moi importantes, xa que inciden no incremento da transformación do leite en Galicia, un obxectivo estratéxico para este eido produtivo.

Por provincias destaca Lugo, que con 200 proxectos apoiados acumula o 36 % do total. Ademais, neste territorio concentrouse o 46 % das axudas (79,84 millóns de euros) e a metade dos investimentos subvencionables (279,09 millóns de euros).

Como novidade para a convocatoria de 2024, no caso de que o solicitante sexa unha cooperativa agraria galega, unha sociedade participada maioritariamente por cooperativas ou unha asociación ou organización de produtores agrarios, a porcentaxe de axuda incrementarase un 5 % adicional en relación co resto de beneficiarios.

Polo demais, no baremo para aplicar a concorrencia competitiva aplicaranse, entre outros criterios, o beneficio a produtores (dando prioridade ás cooperativas), a realización do investimento en zonas de montaña e despoboadas, os proxectos relacionados con produtos de calidade ou aqueles con obxectivos ambientais ou de pequenas instalacións colectivas.

Ademais, as axudas previstas para 2024 tamén están complementadas coa posibilidade de acceder a unha garantía para préstamos dirixidos a financiar investimentos subvencionables. Estas garantías para préstamos son compatibles coas axudas directas, e poden aplicarse a préstamos por un importe máximo de 3 millóns de euros e que acaden ata o 90 % dos investimentos auxiliables.

### **Peso do tecido agroindustrial galego**

A agroindustria galega está formada por máis de 1.700 empresas, cunha facturación anual superior aos 4.500 millóns de euros e con case 18.500 persoas traballadoras. Destas 1.700 empresas, unhas 1.000 procesan materias primas de explotacións galegas.

A maiores, cómpre salientar que a agricultura e a gandería galegas producen alimentos de gran calidade, cunha sona que traspasa as fronteiras da nosa comunidade autónoma, xerando, ademais, un importante volume de emprego e riqueza. Por iso, cómpre seguir apoiando a súa competitividade e sustentabilidade económica. Este é o motivo fundamental que está detrás desta liña de axudas á comercialización e transformación de produtos agrarios.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **UN TOTAL DE TRINTA E DÚAS EMPRESAS ACUÍCOLAS BENEFÍCIANSE DAS AXUDAS HABILITADAS POLA XUNTA PARA PALIAR AS PERDAS SUFRIDAS POLA GUERRA DE UCRAÍNA**

- O total dos expedientes que se resolveron de forma positiva permitirán que se mobilicen recursos do FEMP e a Consellería do Mar en favor do sector que superan o millón de euros e compensan a suba de prezos provocada polo conflito
- Serán un total de 29 establecementos de acuicultura e 35 buques os que recibirán este apoio que permite paliar sobrecostos no consumo de combustible dos buques auxiliares de acuicultura, envases e embalaxes de plástico e da electricidade

O Consello da Xunta analizou hoxe o informe sobre a resolución das axudas de carácter compensatorio aos acuicultores polos custos adicionais en que incorreran a consecuencia da guerra de Ucraína. Esta convocatoria extraordinaria o Executivo galego convocada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) do pasado 8 de agosto permitirá que un total de 32 empresas beneficiarias conten cun apoio superior a un millón de euros ante a suba de custos tanto nos carburantes que utilizan as embarcacións auxiliares do sector, como nos envases ou embalaxes e o consumo eléctrico dos establecementos do sector.

Estas axudas, cofinanciadas ao 75% polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), forma parte dos apoios que a Xunta de Galicia mobilizou neste ano 2023 para contribuír a paliar o impacto que a suba de prezos provocada pola invasión rusa de Ucraína tivo no sector marítimo pesqueiro galego. Dotadas en conxunto con 14,7 millóns de euros, diríxense tamén á frota pesqueira e ás industrias de transformación dos produtos do mar, ámbito este último que non percibiu ningún respaldo por parte do Goberno central.

Trala resolución das axudas para a acuicultura, na que se lle deu luz verde a todos os expedientes que cumprían cos requisitos, foron en concreto 32 os beneficiarios, propietarios dun total de 29 establecementos e 35 buques auxiliares.

Estas axudas extraordinarias para a acuicultura ven a sumarse á convocatoria que cada ano se mobiliza para favorecer os investimentos produtivos no sector co fin de mellorar a súa produción, eficiencia enerxética e competitividade. Neste caso o FEMP cobre ata o 50% do investimento a realizar, e este ano concedéronse un total de 2,8 millóns de euros a 111 proxectos que, sumados á aportación privada das empresas solicitantes, superarán os 6 millóns de euros de investimento.

Os potenciais beneficiarios destas achegas son principalmente os bateiros -o sector miticultor copa o 90% destes apoios-, confrarías de pescadores e acuicultores que promovan unha actividade sustentable e que sexan titulares de establecementos de acuicultura situados nas zonas terrestre, marítimo-terrestre ou marítima e que teñan as súas instalacións na comunidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Durante a etapa do FEMP iniciada en 2016 e que acaba definitivamente este 2023, pois o ano próximo será relevado polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (Fempa), as axudas para a mellora da acuicultura inxectaron preto de 40 millóns de euros no sector dos cultivos mariños, un apoio público que propiciou un investimento total, contando a aportación privada, que roldou os 80 millóns de euros.